

La Voz de Galicia

BASES CONCURSO “NARÓN A TÚA CIDADE”

1.- La Voz de Galicia, S.A., co patrocinio da Concellería de Cultura, Ensino e Bibliotecas do Concello de Narón, convoca o concurso escolar “**NARÓN A TÚA CIDADE**”, no que os escolares, axudados e orientados polo seus profesores, elaboren un traballo de redacción sobre as noticias que o periódico La Voz de Galicia publica sobre o seu Concello.

2.- Poderán **participar** todos os nenos e nenas matriculados en calquera dos centros de ensino do Concello de Narón, a partir de 6 anos de idade.

- A extensión dos textos non poderá exceder dos 2.000 caracteres con espazos incluídos.
- Os textos poderán estar redactados tanto en galego como en castelán.
- Os traballos deberán acompañarse cos seguintes datos, a cumprimentar na plantilla que se xunta ás presentes bases, que se poderá descargar da páxina web www.lavozdeg Galicia.es (edición Ferrol): datos do autor, do profesor responsable da supervisión do traballo e do centro e aula aos que pertencen, así como os datos da noticia da que se partiu para redactar o traballo.

Os participantes menores de 14 anos deberán cumprimentar así mesmo a autorización que se incorpora á devandita plantilla e remitila por correo postal, debidamente asinada polos seus pais ou titores legais.

3.- Os traballos (xunto cos datos e autorización enriba descritos debidamente cumprimentados) deberán **enviarse** á dirección da delegación de La Voz de Galicia en Ferrol, ou ben **entregarse persoalmente** na devandita delegación, situada en:

La Voz de Galicia, S.A. Concurso “Narón a túa cidade”
Manuel de Cal 4
15403 Ferrol (A Coruña)

4.- O **prazo** de presentación de orixinais é o comprendido entre o 10 de novembro e o 23 de decembro de 2008, ambos incluídos.

5.- A avaliación dos traballos correrá a cargo dun **xurado** que estará integrado por profesionais de La Voz de Galicia e membros do Concello de Narón.

A composición do xurado, así como a data de publicación do fallo e de entrega de premios, comunicaranse oportunamente a través da páxina web www.lavozdeg Galicia.es (edición Ferrol). O fallo do xurado será inapelable.

6.- Todos os **traballos** aparecerán colgados na web do periódico, www.lavozdeg Galicia.es, na súa edición de Ferrol, nun enlace co nome do concurso “Narón a túa cidade”. Paralelamente Radiovoz Ferrol emitirá un espazo semanal onde se realizarán entrevistas e reportaxes sobre o discurrir do concurso.

7.- Categorías e premios:

Establécense seis **categorías**:

- Categoría 1: 1º e 2º Primaria
- Categoría 2: 3º e 4º Primaria
- Categoría 3: 5º e 6º Primaria
- Categoría 4: 1 e 2ª Secundaria
- Categoría 5: 3º e 4º Secundaria
- Categoría 6: Bachiller e FP

Premios:

Establécense os seguintes premios:

- a) Dous premios a título individual, por cada categoría (primeiro e segundo premio): avaliarase a calidade, estilo e interese dos traballos presentados.
- b) Un premio á mellor aula: premiarase á aula que presente os mellores traballos, en función do número e da calidade dos traballos presentados polos seus alumnos. Tamén se tomará en consideración a idade.
- c) Mención de Honor para os tres profesores máis participativos: tomarase como referencia o número dos alumnos que participen con ese profesor e asimesmo influirá a idade e a calidade dos mesmos.

Os premios se coñecerán oportunamente ó longo do concurso.

Os premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente e, en particular, á normativa vixente en materia de retencións e pagos a conta.

8.- Os participantes responsabilízanse da autoría real e orixinalidade dos traballos, así coma dos seus contidos, que non poderán ser ilícitos, ofensivos ou discriminatorios, nin lesionar bens ou dereitos de terceiros. O feito de participar no concurso implica a cesión exclusiva polos autores a La Voz de Galicia, S.A. dos dereitos de explotación sobre os traballos, incluíndo os dereitos de reprodución, recopilación en libro, transformación, distribución e comunicación pública, para todo o mundo, polo máximo prazo de tempo que reconece a lei aos titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte.

Os profesores que supervisen os traballos deberán velar porque se cumpran os anteriores extremos.

9.- Os datos persoais dos participantes no Concurso “Narón a túa cidade”, os dos seus profesores e os dos pais ou titores legais que autorizan a súa participación, serán incluídos nos ficheiros que La Voz de Galicia, S.A. ten debidamente inscritos na Axencia de Protección de Datos e que cumpren todos os requisitos da Lei Orgánica 15/1999 e do Real Decreto 1720/2007 que a desenvolve.

Todos os datos solicitados aos participantes e aos seus profesores son necesarios para a súa inclusión no concurso e serán destinados á xestión e organización do mesmo.

O nome e idade dos concursantes publicarase xunto cos seus textos na web www.lavozdeg Galicia.es, nos termos previstos na base 6 anterior. Asimesmo, o nome, idade e a imaxe dos concursantes e dos seus profesores, así como o nome dos centros aos que pertencen, poderán ser obxecto de comunicación pública nas actuacións presentes ou futuras que poida levar a cabo La Voz de Galicia, S.A., sempre que a devandita comunicación pública estea relacionada coa súa participación no concurso. Quedan recoñecidos, no entanto, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, que poderán ser exercidos, previa acreditación da personalidade ou da representación, na dirección de La Voz de Galicia, S.A., Avenida da Prensa 84-85, Polígono Industrial de Sabón, 15142 de Arteixo (A Coruña).

10.- A participación nesta convocatoria implica a total aceptación das súas bases. Os organizadores do concurso resérvanse o dereito de interpretarlas ante calquera dúbida que puidese xurdir.